



Mesa Sectorial

25 febreiro 2010

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do ensino de Galiza

ORDES OPOSICIÓNS Mestres, Secundaria, PTFP, e PM e AE

Na Mesa Sectorial de educación non universitaria celebrada o 25 de febreiro sobre o borrador da Orde de convocatoria do concuso-oposición para o acceso á función pública docente, a Administración aceptou a demanda, que só fixo o STEG, para que se eliminase a discriminación cara a lingua galega na proba para aqueles que non teñan acreditación nas linguas cooficiais. No borrador, esta proba, era escrita e oral para castelán, mentres que para o galego só era escrita. Despois da intervención do STEG o Subdirector Xeral accedeu a que a proba fose igual en galego que en castelán, conseguimos así que non se discrimine unha vez máis á nosa lingua propia. É unha pequena victoria nesta importante tarefa de facer perdurar a nosa lingua nas xeracións futuras, aínda que en contrapartida non aceptaron que nin a proba no seu conxunto, nin parte dela, como se fixo en convocatorias anteriores, tivese que ser defendida en galego. Neste sentido denunciámos o paso atrás que isto supón na valorización e normalización do galego na medida en que suporá que en Galiza poida haber profesorado que non comprenda ao alumnado que teña como lingua inicial o galego, impedindo a realización do dereito ao uso do galego; ao mesmo tempo empeorará o proceso de ensino- aprendizaxe e vulnerarase o dereito a unha educación igual.

Dende o STEG, pensamos que dificilmente se poderá cumprir a intención deste goberno de que se imparta en lingua galega o 33% das materias se as nais e os pais elixen algunha na que o profesorado non ten competencia activa e pasiva na lingua galega. Sobra dicir que seguimos ante un despropósito pedagóxico que é preciso deter e dotar de cordura.

Outros aspectos destacábeis:

- **NON DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE SEXO:** aceptouse a petición do STEG para que se fixesen as adaptacións necesarias para que as mulleres non fosen discriminadas por razón de sexo. Isto tradúcese en que se tivera lugar algunha circunstancia médica relacionada coa maternidade estudaríase en cada caso a adaptación correspondente.

- **RELIXIÓN:** non se acepta a insistente e xusta petición do STEG para que non se valore a experiencia do persoal de relixión que exerce a cataquese nos centros educativos. Nestes último anos, persoal deste grupo tivo acceso á función pública contabilizándose a experiencia dun posto de traballo que obtén, non por un proceso público, senón pola selección a dedo do obispado. Funcionariado interino con longos anos de experiencia viron como se lles furtaba o acceso á función pública por contabilizarlle esta experiencia ao profesorado de relixión, adquirida non por méritos públicos senón por relacións privadas e subxectivas.

- **INFORME:** acéptase a petición do STEG de que para acceder ao informe substitutivo da proba da unidade didáctica non sexa preciso estar en activo no momento da convocatoria. A razón é que provocaba inxustizas como que persoas con 180 días traballados, e que por sorte estaban en activo, tiñan dereito ao informe e outras cunha longa experiencia e con máis días traballados, e tiñan a mala sorte de non estar en activo só o día no que saía a convocatoria, non gozaban deste dereito.

Para rematar, queremos agradecer a esta Subdirección Xeral de Persoal a súa actitude, respecto e talante negociador nesta Mesa, a diferenza de outras Direccións Xerais que sistematicamente veñen desprezando ao profesorado e á Mesa de negociación.

DEMANDAS DO STEG E RESPOSTAS DA ADMINISTRACIÓN

- Que se faga revisión da linguaxe sexista. *Aceptada*
- Que se distribúan as prazas ofertadas entre os tribunais dunha mesma especialidade segundo a xente presentada en cada un deles. Con esta petición tratamos de evitar a subxectividade (normal por outra banda) dos tribunais; algúns deles puntúan con puntuacións altas e outros con puntuacións máis baixas, co que se dan discriminacións entre as persoas opositoras. *Non aceptada. O RD permitiría aceptalo pero, en xeral, as demais OOSS non estaban de acordo con mudar isto. A Administración aproveitou esta falta de unidade sindical para non introducir novidades neste período transitorio.*
- Que todas as persoas integrantes dun tribunal exerzan pola especialidade que van a valorar. *Intentarán que sexa así, se ben hai algunha especialidade na que non dispoñen de persoal.*
- O STEG non entende a paridade, ao igual que o espírito da lei de igualdade, coma un 50%-50%; polo tanto solicitamos que, naquelas especialidades onde as mulleres sexan minoría, aceptamos que se busque a paridade, pero non naquelas nas que son minoría os homes. Entendémolo como unha medida de discriminación positiva que, coma todo ese tipo de medidas, non son definitivas senón transitorias ate que se consigan os obxectivos buscados. *Non aceptada. Ofreceuse, por parte da Administración a posibilidade de facer outra redacción pero ningunha outra orgnización sindical apoiou a nosa proposta. Nas especialidades nas que un dos sexos estea sub-representado, irase a un sorteo puro.*
- Solicitamos que se contemplan "adaptacións temporais" para todas aquelas persoas opositoras que poidan necesitalas: accidentadas, homes que son pais nalgún momento do proceso opositor e, para que non se dea ningunha discriminación por sexo, mulleres que teñan algunha necesidade médica asociada á maternidade. *Estudarán a redacción para que non se dean discriminacións por motivos de sexo.*
- Esixir, na proba de galego o mesmo dominio que se esixe, nestas mesmas ordes, para a do castelán. *Aceptada.*
- Solicitar que o procedemento selectivo comece en xullo para non interferir no funcionamento dos centros. *Non contestada.*
- Solicitamos, ao respecto da programación que ninguén quede excluído por defectos de forma na mesma, substituíndo esta exclusión por unha nota de cero xa que é unha parte dunha soa proba. Tamén pedimos engadir as "competencias básicas" dentro das especificacións da programación. *Non aceptadas. Non queren tocar nada do apartado da programación xa que non se están detectando problemas nas últimas convocatorias: é a mesma resposta de sempre... "Estamos ao final dun proceso transitorio e, o que funciona ben, mellor non tocarlle".*
- Demandamos que a defensa da programación se desenvolva integramente en galego. A letra da lei 2/2009, no seu artigo 35º, di que, agás nas especialidades de idiomas estranxeiros, que se desenvolverán no idioma correspondente, poderá esixirse o galego se "as prazas as que se opta requiren un especial coñecemento da lingua galega". *Non aceptada. Sinalouse que este precepto xa existía, e que o anterior goberno, o bipartito, non o utilizou. Este goberno está facendo a mesma interpretación ca eles.*



Mesa Sectorial

25 febreiro 2010

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do ensino de Galiza

➤ **Pediuse eliminar o requisito de estar en situación de servizo activo na data de publicación da orde, para optar polo informe, xa que se poden dar diferentes casuísticas que farían que este punto sexa unha lotería e non de xustiza. Aceptada. Haberá que cumprir co criterio de ter 180 días traballados neste curso na data en que remate o prazo de matrícula, aínda que no momento en que se publique a orde e no prazo de matrícula non estean en activo.**

➤ **Solicitamos a regulación da fase de prácticas para as funcionarias que se atopen en situación de risco para o embarazo, por permiso maternal ou de lactancia. Solicitamos que iso non sexa motivo de discriminación, e que se aplique a lei de igualdade. Deixarán a redacción da fase de prácticas tal cal está.**

➤ **O STEG pediu que a experiencia docente sexa nos "corpos de funcionarios docentes" para evitar que a docencia do profesorado de relixión, non pertencente a este corpo, puntúe igual que calquera outra. Non aceptada. Hai unha sentenza do TSXG que permite que puntúen ao igual que o resto do profesorado.**

➤ **Solicitamos que non conten os cursos de relixión xa que non vén recoñecida como ningunha especialidade na LOE nin son ningún tema transversal. Non aceptada.**

➤ **Pediuse que se acumulen as prazas que quedan sen adxudicación ás libres. Non aceptada. É imposible posto que o decreto da OEP di explicitamente que non se poden acumular. Estudárase para o próximo ano.**

➤ **Pedimos que o nomeamento sexa a 1 de setembro e non o 8 de setembro (primaria). Non aceptan. Por problemas burocráticos os nomeamentos non chegan o día 1 de setembro e ás interinas e aos interinos de primaria se lles fixo un nomeamento ata o día 8 de setembro de 2010.**

➤ **Solicitamos que se fixeran públicos os criterios de baremación das comisións. Aceptada.**

ACEPTOUSE TAMÉN...

➤ **Que as presidencias dos tribunais poderán conceder a suplencia a aquelas persoas que formaron parte dun tribunal durante os últimos tres anos.**

➤ **Que se houbera un número razoable de candidatos, nalgunha especialidade, para o paso de A2 ao A1, non descartaban facer un tribunal específico. Se non, non o fan para aforrar cartos en tribunais.**

➤ **As datas que baralla a Consellería para o remate da convocatoria xiran arredor da segunda semana de abril.**

Secretariado Nacional do STEG
Febreiro 2010